

IDEAS
PARA UNHA HOMILÍA CON NENOS
19 FEBREIRO 2023

O odio déixanos cegos.
Respondamos con Amor

1. VER: O odio céganos

- Estes días triunfou nos premios “Goya” a película “As bestas” de Rodrigo Sorogoyen que reflicte como unha familia estranxeira trata de se asentarse nunha aldea galega, gozar da natureza e recuperar as vivendas do pobo mentres que outra familia local, que se comportan como unha manda de bestas, acósaos, cegados polos intereses económicos, o odio e a intransixencia.
- Hai persoas que nos caen mal, non nos entendemos con elas, cústanos saudala.

Céganos o odio?
Como, en que se nota?

2. XULGAR: Respondamos ao odio con Amor

- No evanxeo deste domingo, Xesús quere que perdoemos ao inimigo: ***“Non fagades fronte ao que vos agravia”, “Amade aos vossos inimigos, e rezade polos que vos perseguen”, “non amedes só aos que vos aman”, “sede perfectos”... E en Levítico di: “Sede santos, porque eu, o voso Deus, son santo. Non odiarás de corazón ao teu irmán”.***

QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?

- O domingo pasado Xesús lembrábanos que o esencial do evanxeo, a **única norma** que nos propón Xesús é amar. O que non ama falla no esencial.
 - Hoxe pídenos que **deamos un paso máis**, que vaíamos á exquisitez, que marquemos a diferenza: dar as grazas, pedir por favor, saber estar calados ou falar cando nos toca, falar cun sorriso ao profe, axudar a alguén...
 - É máis, Xesús pídenos: **“Amade ao inimigo, ao que vos trata mal”**. Difícil? Amar ao que nos cae mal é transformar a mirada e o corazón gris (ver o debuxo de Fano). Un exemplo: a pedra, as tesoiras e o papel poden ser inimigos pero tamén poden axudarse. Como? *Que a pedra coide á tesoiras afiando as súas follas, que a tesoiras recorte ao papel para facelo grilanda e que o papel envolva a pedra, papel de agasallo que abraza.*
- Aínda que sexamos distintos todos temos algo bo, podemos colaborar e axudarnos. Con amor faremos ao inimigo amigo, cambiarémoslle, así o fixo Xesús.
- Aprendemos así a **ser santos facendo ben ao que nos fai dano...** *“Sede perfectos (santos) como o voso pai celestial é perfecto” (Mt. 5). “Sede santos... Non odiarás de corazón ao teu irmán” (Lev. 5).*

Que nos está pedindo hoxe Xesús?

3. ACTUAR: Devolve ben por mal

- No te conformes con querer ao que te quere ben ou faiche ben. - Fala a alguén que che cae mal e intenta rezar por el, poñerte nos seus zapatos. - **Que o trato cos demais sexa achegado** con detalles, con xestos... Vai máis aló do que é obrigatorio ou o que está mandado á hora de axudar ou acoller.

**En que poderías mellorar?
Que imos facer?**

LECTURAS

- **LEVÍTICO 19, 1-2. 17-18: *Amarás o teu próximo como a ti mesmo.***

O Señor falou así a Moisés: «Dei á comunidade dos fillos de Israel: **“Sede santos, porque eu, o Señor, o voso Deus, son santo. Non odiarás de corazón ao teu irmán, pero reprenderás ao teu próximo, para que non cargues ti co seu pecado.**»

Non te vingarás dos fillos do teu pobo nin lles gardarás rancor, senón que amarás ao teu próximo como a ti mesmo. Eu son o Señor”».

Palabra do Señor.

- **SALMO 102:**
R/. O Señor é compasivo e misericordioso.

- **1ª CORINTIOS 3, 16-23: *Todo é voso, vós de Cristo, e Cristo de Deus.***

Irmáns: **Non sabedes que sodes templo de Deus** e que o Espírito de Deus habita en vós? Se algún destrúe o templo de Deus, Deus destruírao a el; porque o templo de Deus é santo: e ese templo sodes vós.

Que ninguén se engane. Se algún de vós crese sabio neste mundo, que se faga necio para chegar a ser sabio. Porque a sabedoría deste mundo é necidade ante Deus, como está escrito: *«El caza aos sabios na súa astucia».* E tamén: *«O Señor penetra os pensamentos dos sabios e coñece que son vans».* Así,

pois, que ninguén se glorie nos homes, pois todo é voso: Paulo, Apolo, Cefas, o mundo, a vida, a morte, o presente, o futuro. Todo é voso, vós de Cristo E Cristo de Deus.

Palabra do Señor.

- **MATEO 5, 38-48: Así se dixo aos antigos; pero eu dígovos.**

Narrador: Naquel tempo, díxolles Xesús aos seus discípulos:

Xesús: -«Oístes que se dixo: “Ollo por ollo, dente por dente”.

Pero eu dígovos: non fagades fronte ao que vos agravia.

Ao contrario, se un te losquea na fazula dereita, preséntalle a outra; ao que queira poñerche preito para quitarche a túnica, dálle tamén o manto; a quen te requira para camiñar unha milla, acompañao dúas; a quen che pide, dálle, e ao que che pide prestado, non o refugas.

Oístes que se dixo: “**Amarás o teu próximo** e aborrecerás o teu inimigo”.

Pero eu dígovos: **amade os vosos inimigos e rezade** polos que vos perseguen, para que sexades fillos do voso Pai celestial, que fai saír o seu sol sobre malos e bos, e manda a choiva a xustos e inxustos.

Porque, **se amades os que vos aman, que premio teredes?** Non fan o mesmo tamén os publicanos?

E, se saudades só os vosos irmáns, que facedes de extraordinario?

Non fan o mesmo tamén os xentís? Polo tanto, sede perfectos, como o voso Pai celestial é perfecto».

Palabra do Señor.

(Narrador- Xesús)